

# PROGRAMA DE ACOLLIDA

CEIP PLURILINGÜE SANTA EULALIA DE DUMBRÍA

CURSO 2021/2022



## ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	2
2. NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO.....	2
3. ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN.....	5
4. ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO NECESARIA PARA O ENSINO PRESENCIAL OU, DE SELO CASO, NON PRESENCIAL.....	6
5. ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS, MEDIANTE A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE ACOLLIDA E COHESIÓ. ....	8



## 1. INTRODUCCIÓN.

O Programa de Acollida do centro educativo CEIP Plurilingüe Santa Eulalia de Dumbria ten como finalidade facilitar a incorporación do alumnado afectado pola suspensión da actividade lectiva presencial durante o curso 2021/2022.

Este Programa de Acollida elaborado polo Equipo Directivo e presentado por correo electrónico ao Consello Escolar, desenvolverase nas dúas primeiras semanas do curso.

## 2. NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO.

- Medidas xerais de carácter organizativo: en base ás recomendacións de autoridades sanitarias e ao contexto do noso centro.
  - Acceso e fluxo de persoas
    - Medidas de distanciamento físico:
      - a) Non se deberán de producir aglomeracións nas entradas e saídas do centro. Haberá que manter as medidas de distanciamento físico interpersoal (mínimo 1m 20 cm).
      - b) Agás as zonas habilitadas para a actividade docente, o resto de espazos do centro permanecerán pechados: ximnasio, comedor, oficinas...
      - c) O alumnado (a partir do nivel de infantil) e o profesorado, así como o restante persoal, teñen a obriga de **usar máscaras durante toda a xornada lectiva** en todos os espazos do centro educativo. Será obriga do alumnado levar unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario, como por exemplo, no comedor.  
**En Educación infantil recoméndase o uso da máscara.**
    - Entradas ao centro:



- a) A medida que chegue o alumnado transportado ao centro terá que dirixirse ás aulas. O profesorado de garda vixiará os corredores para que ningún alumno/a permaneza fóra das aulas. O alumnado non transportado terá que realizar a súa entrada ao inicio da xornada, é dicir, ás 9.30 horas nos meses de setembro e xuño (salvo casos debidamente xustificadas e nunca antes das 9.15 horas), e ás 10.00 horas, nos meses de outubro a maio (salvo casos debidamente xustificadas e nunca antes das 9.45 horas). O alumnado que non sexa usuario de comedor, nos meses de outubro a maio, terá que facer a súa entrada ás 14.50 horas.
- b) O acceso do alumnado do centro será o mesmo para todos/as, ao non dispoñer doutra entrada habilitada; é dicir, polo portalón pequeno directamente á entrada do edificio.
- c) Manterase a distancia de seguridade nas entradas do centro. Unha vez no interior, haberá que seguir os sentidos de fluxo e circulación que estarán indicados mediante liñas no chan.
  - Recreos:
    - a) O alumnado de Educación Infantil realizará os recreos, cando as circunstancias meteorolóxicas o permitan, no espazo habilitado como parque infantil e arredores (pista de voleibol) no patio do centro. Cando non poidan saír por causas meteorolóxicas poderán permanecer na súa aula ou empregar o patio cuberto.
    - b) O alumnado de Educación Primaria realizará os recreos en tres grupos diferenciados correspondentes aos tres grupos estables de convivencia. A zona reservada para o alumnado de 1º/2º de Educación Primaria será a do



fronte do edificio; a zona reservada para o alumnado de 3º/4º de Educación Primaria será a situada na parte posterior do edificio principal e arredores das escolas unitarias; a zona reservada para o alumnado de 5º/6º será a pista polideportiva e a zona última ata o valado.

- Saídas ao mediodía e de carácter puntual:
  - a) O alumnado que non sexa usuario de comedor realizará a saída ás 14.30 horas nos meses de setembro e xuño, e nos meses de outubro a maio, realizará a saída ás 13.20 horas; en ambos casos, acompañados polo/a mestre/a que estea a cargo do seu grupo. A familia esperará fóra do recinto.
  - b) Cando un alumnado teña que saír do centro durante o transcurso das actividades lectivas, previo aviso da familia, será acompañado polo profesorado de garda ao exterior do centro. A familia terá que facer entrega da autorización correspondente debidamente cuberta.
- Saídas ao remate da xornada:
  - a) O alumnado transportado e non transportado sairá á mesma hora: nos meses de setembro e xuño ás 15.15 horas, e nos meses de outubro a maio, ás 16.30 horas. A saída será ordenada, comezando por Educación Infantil e rematando polo grupo de 5º/6º de Educación Primaria. Cada grupo sairá co mestre/a que estea a cargo do mesmo, mantendo a distancia e acompañando ao alumnado ata o exterior. As familias do alumnado non transportado terán que agardar no exterior do recinto.



### 3. ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN.

- Creación Equipo COVID: actuará como referencia para o resto do persoal, profesorado, alumnado e familias en relación coas funcións recollidas no Plan de Adaptación á situación COVID-19 no curso 2021/2022 do noso centro.
- Nos corredores, como xa que mencionado anteriormente, estableceranse sentidos de entrada e saída diferentes en ambas marxes do corredor.
- Realizaranse tarefas de ventilación frecuente nas instalacións, e por espazo de polo menos 15 minutos ao inicio da xornada, durante os recreos (30 minutos) e ao finalizar as clases, sempre que sexa posible entre clases (5 minutos), e cando as circunstancias meteorolóxicas o permitan, manteranse as xanelas abertas o maior tempo posible.
- Utilización de cartelería que recorde as medidas de prevención tales como uso correcto de máscaras, distancia, hixiene de mans, non tocar ollos/nariz/boca...
- Xerar dinámicas para que o alumnado realice hixiene de mans con frecuencia, especialmente nos primeiros días de clase.
- O alumnado non compartirá material de uso propio.
- As ventás, portas, persianas, dispositivos de iluminación, proxectores e restantes ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado.
- Lavado frecuente con auga e xabón e, en circunstancias puntuais, con solución hidroalcohólica.
- Ao tusir ou esberrar, tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará na papeleira con tapa, ou ben facelo contra a flexura do cóbado.
- Os equipos de traballo empregados por varios alumnos/as ao longo da xornada desinfectaranse antes de ser empregados por outro alumno/a.



- Determinación do espazo de illamento, o cal será a antiga aula de PT, na primeira planta.
- Medidas xerais de protección individual recollidas no Plan de Adaptación.
- Manter a distancia física de seguridade (mínimo 1 metro 20 cm).
- Orde no posto de traballo e nas mesas de aula.

#### **4. ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO NECESARIA PARA O ENSINO PRESENCIAL OU, DE SELO CASO, NON PRESENCIAL.**

- No mes de setembro, os/as titores/as identificarán ao alumnado que, por mor da falta de recursos ou de conexión no seu fogar, puidera perder o acceso á educación telemática no caso de ensino a distancia, e o notificarán ao equipo directivo. O equipo directivo realizará unha listaxe deste alumnado e as súas necesidades no caso dun eventual paso ao ensino a distancia.
- Durante os primeiros días de clase, en setembro, os/as titores/as de terceiro ata sexto de educación primaria, facilitarán ao alumnado a matriculación en cada un dos cursos dos que forman parte. O profesorado asegurase de que o seu alumnado coñece o funcionamento do seu curso e da metodoloxía que se seguirá no hipotético caso de ter que realizar o ensino a distancia.
- Con respecto á Atención á Diversidade, atenderase ao disposto na Resolución do 18 de febreiro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do ensino virtual garantindo á atención á diversidade e no que se establece un Plan Específico de Actuación. Enténdese por alumnado en situación de especial vulnerabilidade aquel que presente necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos da atención ou de aprendizaxe, por



descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións ou de historia escolar:

- Preparación para o ensino virtual: realizaranse sesións prácticas e formación no centro educativo con este alumnado, e cando fose preciso, a través de vía telefónico coas súas familias, favorecendo o emprego de todas as plataformas dixitais, na medida das súas posibilidades e cando o Equipo Docente o considere oportuno.
- Plan Individualizado: en canto ao horario de atención ao alumnado, correspóndese co horario establecido no centro; en canto á duración das sesións no ensino non presencial, aínda que se intentará levar a cabo o mesmo horario que no centro educativo, realizaranse os descansos necesarios ou reducirase o tempo de clase; en canto aos contidos a traballar, seguirase a programación establecida para o alumno en cuestión e no caso de ter unha adaptación curricular, os contidos e obxectivos serán os que se recollan nesta; en canto á coordinación dos recursos humanos, a Xefatura do Departamento de Orientación, será a encargada de coordinar e facer un seguimento de todas as actuacións que se leven a cabo e manterase contacto co Equipo Docente con carácter semanal, especialmente coa persoa titora; por último, en canto á intervención co alumnado, seguirase o disposto nos anteriores epígrafes, de xeito que as mestras de PT e AL seguirán os procedementos descritos anteriormente, baixo a coordinación da orientadora do centro. Habilitarase na aula virtual un espazo destinado a este alumnado.





- Ao longo do curso escolar, e co obxectivo dunha mellor formación e preparación para un hipotético caso de confinamento, o profesorado fomentará entre o alumnado e as súas familias, o emprego da aula virtual e diversas plataformas dixitais corporativas.
- Con respecto ás actuacións previstas para o período de actividade lectiva non presencial, seguirase o disposto no Plan de Continxencia do noso centro.

##### **5. ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS, MEDIANTE A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE ACOLLIDA E COHESIÓN.**

- Explicar ao alumnado a situación actual na que nos atopamos de forma clara, sen alarmar, sinalando a importancia de seguir as novas medidas que se implantarán non noso centro como consecuencia da “nova normalidade”.
- Dialogar co alumnado sobre a COVID-19, preguntando o que saben, o que fan nas súas casas como medidas de prevención, hixiene e protección...empregando unha linguaxe adecuada ás súas idades.
- Tranquilizar ao alumnado no campo das súas emocións, escoitando as súas preocupacións, respondendo ás súas preguntas...
- O profesorado deberá, aínda máis, converterse nun referente, cumprindo as medidas de prevención, protección e hixiene.
- Reunión grupal a nivel de titorías coas familias a través da plataforma webex ou outras aplicacións para manter contacto coa comunidade educativa.
- Os/as docentes escollerán as actividades a realizar, os materiais a empregar e as metodoloxías concretas para adaptalos a cada curso de xeito global, e a cada alumno/a, de xeito individual.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

CEIP Plurilingüe Santa Eulalia de Dumbría

Dumbría (Santa Baia)  
15151 Dumbría (Santa Baia)  
☎ 881880654 📠 881880656  
ceip.santaehalia.dumbria@edu.xunta.

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipsantaehaliadumbria/>



En Dumbría, a 07 de setembro de 2021

O director

Aso.: Daniel Mato Neira